



XUNTA
DE GALICIA

CENTRO PÚBLICO
INTEGRADO
RAMÓN PIÑEIRO



CONCRECIÓN CURRICULAR CPI RAMÓN PIÑEIRO

CURSO 2023-24

Aprobado polo Claustro

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro.

Os obxectivos xerais das etapas educativas do noso centro veñen definidos nos Decretos 150/2022 do 8 de setembro para a Educación Infantil, Decreto 155/2022 do 15 de setembro para a Educación Primaria e Decreto 156/2022 do 15 de setembro para a Educación Secundaria. Partindo desta normativa básica e dos obxectivos xerais marcados para cada etapa, no CPI Ramón Piñeiro matizamos e contextualizamos os mesmos acordando a súa redacción tal e como se expón a continuación.

EDUCACIÓN INFANTIL: OBXECTIVOS CONTEXTUALIZADOS PARA O CPI RAMÓN PIÑEIRO

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social dos concellos de procedencia do noso alumnado.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas, tendo en conta os persoeiros máis importantes dos concellos do noso alumnado (Láncara, Corgo, Páramo e Sarria).

EDUCACIÓN PRIMARIA: OBXECTIVOS CONTEXTUALIZADOS PARA O CPI RAMÓN PIÑEIRO.

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmos, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas, facendo especial fincapé nas culturas do alumnado estranxeiro do centro, e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, especialmente os da contorna máis próxima.
- i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e uns patróns de alimentación saudable como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e da contorna do alumnado, e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia e de Láncara, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e ás sociedades galega e lancaresa.

EDUCACIÓN SECUNDARIA: OBXECTIVOS CONTEXTUALIZADOS PARA O CPI RAMÓN PIÑEIRO.

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza

cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

b) A contribución á adquisición das competencias clave.

As Competencias clave son desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. Son a adaptación ao sistema educativo das competencias clave establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente e aparecen recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico. Así mesmo, eses desempeños evidéncianse nas capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

No marco da proposta realizada polo Consello da Unión Europea, e de acordo coas consideracións anteriormente expostas, a normativa educativa establece oito competencias clave:

1. CCL: Competencia en comunicación lingüística.

O desenvolvemento desta competencia vai supoñer a utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita; de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta.

2. CP: Competencia plurilingüe.

A competencia plurilingüe implica utilizar distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz, para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre linguas, incluídas as clásicas, e, de ser o caso, manter e adquirir destrezas na lingua ou linguas familiares e nas linguas oficiais. Integra, así mesmo, dimensións históricas e interculturais orientadas a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural da sociedade co obxectivo de fomentar a convivencia democrática.

3. Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría. STEM.

A competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (competencia STEM, polas súas siglas en inglés) entraña a comprensión do mundo utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos da enxeñaría para transformar a contorna de forma comprometida, responsable e sustentable. A competencia matemática permite desenvolver e aplicar a perspectiva e o razoamento matemáticos co fin de resolver diversos problemas en diferentes contextos. A competencia en ciencia supón a comprensión e explicación da contorna natural e social, utilizando un conxunto de coñecementos e metodoloxías, incluídas a observación e a experimentación, co fin de formular preguntas e extraer conclusións baseadas en probas para poder interpretar e transformar o mundo natural e o contexto

social. A competencia en tecnoloxía e enxeñaría comprende a aplicación dos coñecementos e metodoloxías propios das ciencias para transformar a nosa sociedade de acordo coas necesidades ou desexos das persoas nun marco de seguridade, responsabilidade e sustentabilidade.

4. Competencia dixital.

A competencia dixital implica o uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas. Inclúe a alfabetización en información e datos, a comunicación e a colaboración, a educación mediática, a creación de contidos dixitais (incluída a programación), a seguridade (incluído o benestar dixital e as competencias relacionadas coa ciberseguridade), asuntos relacionados coa cidadanía dixital, a privacidade, a propiedade intelectual, a resolución de problemas e o pensamento computacional e crítico.

5. Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

A competencia persoal, social e de aprender a aprender implica a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para autoconocerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente, colaborar con outros de forma construtiva, manter a resiliencia e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida. Inclúe tamén a capacidade de lle facer fronte á incerteza e á complexidade, de adaptarse aos cambios, de aprender a xestionar os procesos metacognitivos, de identificar condutas contrarias á convivencia e desenvolver estratexias para abordalas, contribuír ao benestar físico, mental e emocional propio e das demais persoas, desenvolvendo habilidades para coidarse a si mesmo e a quen o rodea a través da corresponsabilidade; ser capaz de levar unha vida orientada ao futuro, así como expresar empatía e abordar os conflitos nun contexto integrador e de apoio.

6. Competencia cidadá.

A competencia cidadá contribúe a que alumnas e alumnos poidan exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica, baseándose na comprensión dos conceptos e nas estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, así como no coñecemento dos acontecementos mundiais e no compromiso activo coa sustentabilidade e co logro dunha cidadanía mundial. Inclúe a alfabetización cívica, a adopción consciente dos valores propios dunha cultura democrática fundada no respecto aos dereitos humanos, a reflexión crítica sobre os grandes problemas éticos do noso tempo e o desenvolvemento dun estilo de vida sustentable acorde cos obxectivos de desenvolvemento sustentable expostos na Axenda 2030.

7. Competencia Emprendedora.

A competencia emprendedora implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesarios para xerar resultados de valor para outras persoas. Achega estratexias que permiten adaptar a mirada para detectar necesidades e oportunidades, adestrar o pensamento para analizar e avaliar a contorna, e para crear e reformular ideas utilizando a imaxinación, a creatividade, o pensamento estratéxico e a reflexión

ética, crítica e construtiva dentro dos procesos creativos e de innovación; e espertar a disposición para aprender a arriscar e a afrontar a incerteza. Así mesmo, implica tomar decisións baseadas na información e no coñecemento e colaborar de maneira áxil con outras persoas, con motivación, empatía e habilidades de comunicación e de negociación, para levar as ideas expostas á acción mediante a planificación e xestión de proxectos sustentables de valor social, cultural e económico-financeiro.

8. Competencia en conciencia e expresión culturais.

A competencia en conciencia e expresión culturais supón comprender e respectar o modo en que as ideas, as opinións, os sentimentos e as emocións se expresan e se comunican de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais. Implica tamén un compromiso coa comprensión, o desenvolvemento e a expresión das ideas propias e do sentido do lugar que se ocupa ou do papel que se desempeña na sociedade. Así mesmo, require a comprensión da propia identidade en evolución e do patrimonio cultural nun mundo caracterizado pola diversidade, así como a toma de conciencia de que a arte e outras manifestacións culturais poden supoñer unha maneira de mirar o mundo e de darlle forma.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais.

En todas as programacións didácticas se fará referencia aos elementos transversais. A continuación especificáanse os criterios para cada etapa educativa das que se imparten no CPI Ramón Piñeiro de Láncara.

EDUCACIÓN INFANTIL

Nesta etapa abordarase progresivamente o desenvolvemento afectivo, a xestión emocional, os hábitos de movemento e control corporal, as manifestacións da comunicación e da linguaxe, e as pautas básicas de convivencia e relacións sociais, así como o descubrimento do medio, dos seres vivos que habitan nel e das características físicas e sociais do medio no que viven. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuizos e estereotipos sexistas nos termos establecidos pola lei. Tamén se incluírá a educación en valores e a educación para o consumo responsable e sostible, así como a promoción e educación para a saúde que fomente hábitos saudables.

Así mesmo, fomentarase que as nenas e os nenos adquieran autonomía persoal e desenvolvan unha imaxe positiva, equilibrada e igualitaria de si mesmos, libre de estereotipos discriminatorios, incluíndo o coñecemento da diversidade familiar existente.

Por último, comentar que o desenvolvemento dos elementos transversais na educación infantil, traballarase desde a totalidade das actividades lectivas, das actividades complementarias e tamén desde o comedor escolar e o tempo de lecer.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Os elementos transversais en educación primaria e os criterios para incorporalos son os seguintes:

- Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns dos ámbitos da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, o espírito científico e o espírito emprendedor traballaranse en todos os ámbitos.
- Promoverase desde todos os ámbitos a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde - incluíndo hábitos alimenticios saudables, e tamén afectivo-Sexual.
- Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.
- Promoverase o coñecemento da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto ao Estado de Dereito.
- Evitaranse as condutas, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminacións por razón de orientación sexual ou identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e non sexista nos termos legalmente establecidos.
- Promoveranse medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan fortalecer o seu espírito emprendedor e a súa iniciativa empresarial a partir de competencias como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a autoconfianza e a súa iniciativa empresarial.

Para o desenvolvemento dos elementos transversais na educación primaria, estes tamén se traballarán desde a totalidade das actividades lectivas, nas actividades complementarias e nos proxectos nos que se participe, e tamén desde o comedor escolar e o tempo de lecer. Para iso aplicarase o establecido no plan de igualdade do centro, buscarase a prevención e resolución pacífica de conflitos con toda a comunidade educativa e favorecendo a inclusión, e dende as titorías, coordinadas polo departamento de orientación, traballarase a educación en valores.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Os elementos transversais na ESO e os criterios para incorporalos son os seguintes:

- Independentemente do seu tratamento específico nalgúns das materias da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

- Traballarase a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a formación afectivo-sexual, estética, a sensibilización e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como valores que apoian a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto ao Estado de Dereito.
- Evitaranse as condutas, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que impliquen discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos pola lei.
- A consellería con competencias en materia de educación promoverá medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan fortalecer o seu espírito emprendedor e a súa iniciativa empresarial en base a competencias como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a autoconfianza e a súa iniciativa empresarial.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía.

A través da Comisión de Coordinación Pedagóxica e as achegas dos ciclos e departamentos que integran o noso centro, acordáronse os seguintes criterios básicos na metodoloxía xeral que tenden a favorecer o desenvolvemento das Competencias Clave no alumnado:

EDUCACIÓN INFANTIL

Partindo dun enfoque construtivista, aplícase unha metodoloxía baseada na interacción e a reflexión sobre a acción. A metodoloxía está moi relacionada coa organización espacial das aulas de Educación Infantil. Diariamente o alumnado realiza as Rutinas e a Asemblea á primeira hora, na súa aula. O material é compartido e específico de cada grupo segundo as actividades ás que está dedicada.

Organizaranse os contidos tendendo cara a un «enfoque globalizador», que debe entenderse como a opción que determina que as propostas didácticas teñan como punto de partida situacións globais, situacións comunicativas, conflitos ou cuestións sociais, problemas de calquera tipo nas que se poñerán en xogo os contidos das diferentes áreas.

Na proposta didáctica terán cabida as secuencias de aprendizaxe, os proxectos ou as unidades didácticas que engloben contidos de diferente tipo e de distintas áreas.

EDUCACIÓN PRIMARIA E EDUCACIÓN SECUNDARIA

A metodoloxía empregada nestas etapas educativas é moi similar, adaptada ao nivel educativo e evolutivo do alumnado, e fundamentada en principios metodolóxicos básicos aplicables en todas as

áreas do currículo. Os principios metodolóxicos xerais que enmarcan a nosa actividade docente son os seguintes:

- Atender os diferentes ritmos de aprendizaxe de cada neno ou nena.
- Promover a participación do alumnado para que aporte as súas habilidades, destrezas e intereses ao traballo cooperativo.
- Proporcionar aos nosos alumnos e alumnas estratexias de aprendizaxe que lles permitan valorar os procesos de aprendizaxe para regulalos ou modificalos.
- Fomentar habilidades que permitan ao alumnado utilizar de forma autónoma as bibliotecas e as TIC como recursos de aprendizaxe.
- Fomentar os hábitos de lectura a través do Plan Lector.
- Fomentar hábitos de vida saudable a través da promoción do deporte e a inclusión das prácticas deportivas na vida cotiá, a través da reflexión sobre os hábitos alimentarios e a importancia da hixiene e o aseo para a mellora da saúde individual e colectiva.
- Dotar os contidos dun enfoque integrador promovendo a globalización.
- Seleccionar aqueles contidos que sexan máis relevantes para acadar competencias. Achegarémolos ao alumnado a través da observación, experimentación, manipulación, etc., para facilitarlles a adquisición de aprendizaxes significativas.
- Facilitar un currículo estruturado ao redor de cuestións de interese para nenos e nenas. O papel do profesorado no seu desenvolvemento será o de conducir o proceso de aprendizaxe.
- Utilizaranse todos os recursos materiais, persoais e organizativos precisos para responder axeitadamente ás necesidades e características concretas dos nosos alumnos e alumnas.
- Favorecer o traballo en grupo do alumnado mediante a organización de tarefas e proxectos, tutoría entre iguais, previamente consensuados entre as aulas dun mesmo nivel, ou incluso a nivel de centro.
- Realizar actividades interdisciplinares entre o alumnado de distintos grupos e niveis.
- Utilizar a contorna como elemento motivador e vertebrador dos coñecementos e destrezas a que se impartirán..
- Favorecer a creatividade para potenciar a imaxinación e a intelixencia.

Por último sinalar algúns métodos concretos que usamos nas diferentes etapas educativas do noso centro educativo:

- Deseño Universal da Aprendizaxe (DUA): adaptándose ao contexto, aos materiais, ás linguaxes, e mantendo altas expectativas para todos os alumnos e todas as alumnas.
- Situacións de aprendizaxe integradas: formulan tarefas que o alumnado ten que levar a cabo para acadar competencias e saberes. Estas tarefas deben formularse de xeito que a elaboración dunha produción final sexa o obxectivo por enriba do desenvolvemento dos exercicios individuais.
- Aprendizaxe baseada en xogos (ABJ): facilitando algunhas aprendizaxes mediante a diversión, a interacción social, a participación activa e a motivación que xeran as dinámicas e mecánicas do xogo.

- Traballo por proxectos: en todas as etapas a través do proxecto integrado nalgúns cursos de xeito especial con proxectos concretos.
- Unidades globalizadoras: nalgúns cursos de primaria traballando todas as materias de xeito coordinado a través de libros de texto adecuados a esta metodoloxía.
- Metodoloxía inclusiva para o alumnado estranxeiro: favorecer a integración deste alumnado tanto a nivel social como curricular, facilitando, se é o caso, a adquisición da competencia lingüística básica para poder acceder ao currículo a través de agrupamentos ou apoios específicos.
- EDIXGAL: promoverase o uso crítico das tecnoloxías da información e da comunicación. Participará o alumnado a partir de 5º de primaria e ata 4º de ESO (o próximo curso). No acordo tomado pola CCP, a nosa participación neste proxecto enténdese como unha ferramenta adicional para o alumnado e o profesorado, non coma unha vía única ou exclusiva de ensino-aprendizaxe.
- Metodoloxías clásicas: mantendo estilos de ensino tradicionais evitando caer no excesivo uso das novas tecnoloxías, usando o xiz, escribindo a man e lendo en papel.
- Plurilingüismo: dedicando recursos organizativos e proxectos que se desenvolven de forma coordinada para mellorar o nivel das linguas oficiais e tamén das linguas estranxeiras entre o alumnado. A sección bilingüe de 1º ESO en Educación Física, e a consecuente presenza da auxiliar de conversa no centro son recursos importantes neste sentido.
- Formación do profesorado: a formación continua para o profesorado fomentada dende o centro para a mellora das competencias propias dos profesores.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos.

Utilizaranse todos os recursos materiais, persoais e organizativos precisos para responder axeitadamente ás necesidades e características concretas do noso alumnado dentro das posibilidades do propio centro. De xeito máis concreto terase en conta o seguinte en relación a algúns materiais e recursos:

- Libros de texto: cada ciclo en Infantil e Primaria e cada departamento na ESO ten autonomía para escoller os libros de texto que decidan, decisión que se toma no último trimestre do curso de cara ao curso seguinte (sempre tendo en conta a normativa vixente neste aspecto).
- EDIXGAL: neste curso 2023-24 e a partir de 5º de Primaria e ata 3º de Secundaria, o alumnado conta cun ordenador na aula coa posibilidade de levalo para a casa. O profesorado afectado tamén dispón dun ordenador portátil de uso persoal para a planificación das súas clases.
- Materiais audiovisuais de aula: todas as aulas posúen de paneis dixitais ou, no seu defecto, proxectores e/ou pantallas dixitais. En calquera caso e de xeito xeral, os materiais existentes nas aulas permanecerán nas mesmas independentemente de quen imparta clase nas mesmas en cada curso.

- Outros materiais: as peticións concretas de materiais trasladadas polos diferentes coordinadores de ciclo e xefes de departamento das ESO serán analizadas e atendidas polo Equipo Directivo sempre que as posibilidades económicas do centro o permitan.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso.

Na Educación Secundaria Obrigatoria a oferta educativa, os itinerarios e a optatividade están condicionados polos seguintes aspectos:

- Os diferentes currículos oficiais das etapas educativas que se imparten no centro, así como a normativa vixente.
- Os acordos tomados polo Claustro en relación aos itinerarios académicos do centro.
- A existencia no centro de profesorado especialista con dispoñibilidade horaria para poder atender as materias optativas que se poidan ofertar.
- As normas establecidas pola inspección educativa en relación ao número mínimo de alumnos/as establecido no rural para a confección dos grupos nas diferentes materias (non menos de 5 alumnos).

Partindo destas premisas o CPI Ramón Piñeiro, dentro da nosa autonomía pedagóxica, oferta as seguintes materias e itinerarios neste curso 2023-24:

En 3º de ESO a materia optativa seleccionárase entre as seguintes:

- Cultura Clásica.
- Educación Dixital.
- Oratoria.
- Segunda Lingua Estranxeira.

As materias de opción en 4º de ESO seleccionáranse de entre as seguintes:

- Bioloxía e Xeoloxía.
- Dixitalización.
- Economía e Emprendemento.
- Expresión Artística.
- Física e Química.
- Formación e Orientación Persoal e Profesional.
- Latín.
- Música.
- Segunda Lingua Estranxeira.
- Tecnoloxía.

A materia optativa de 4º seleccionárase de entre as seguintes:

- Cultura Clásica, se non foi cursada en 3º.
- Filosofía.

- Oratoria, se non foi cursada en 3º.
- Unha materia de opción non cursada.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias.

CRITERIOS XERAIS

- Todos os alumnos/as teñen dereito a participar en actividades extraescolares e complementarias programadas ao longo do curso. Deste dereito poden verse privados temporalmente aqueles alumnos/a sancionados.
- O programa anual de actividades quedará recollido na Programación Xeral Anual. Para facilitar o labor do xefe/a do equipo, os coordinadores de ciclo e xefes de departamento irán indicando nas súas respectivas programacións as actividades previstas, trasladando esta información ao Xefe/a de Departamento e ao Equipo Directivo ao longo do mes de setembro. As actividades propostas serán levadas ao primeiro Consello Escolar do curso para a súa aprobación.
- As Actividades extraescolares e complementarias serán coordinadas polo/a Xefe/a do equipo correspondente. Este terá que elaborar o programa anual de actividades e a memoria final.
- Durante as saídas e actividades extraescolares e complementarias estarán vixentes as normas de convivencia do Centro.
- Os alumnos/as que non asistan a tales actividades, deberán asistir ao Centro e realizar actividades encamiñadas a conseguir os mesmos obxectivos que os seus compañeiros. Este alumnado permanecerá baixo a atención do profesorado con quen tivera clases se é posible. De estar ausente este profesorado, ocuparase o docente de garda, agrupando os alumnos que queden sós nunha aula.
- Cando se organicen actividades non previstas na Programación Xeral Anual haberá que cumprir cos seguintes requisitos:
 - a. Deberán ser notificadas ao inicio do trimestre correspondente.
 - b. Será necesario o informe favorable do Equipo de Actividades Extraescolares e o visto e prace do Equipo Directivo. De non poder reunirse o Consello Escolar para aprobalas, deberíase cando menos informar os seus membros.
- Para as actividades que se leven a cabo dentro da vila e sen necesidade de usar un transporte, non precisarán da autorización das familias se así o indicaron no seu momento na folla de matrícula.
- Para realizar actividades fóra da Pobra de San Xiao ou que precisen o uso dun transporte, deberase ter en conta os seguintes requisitos:
 - a. Autorización escrita dos pais ou titor legal.
 - b. Aprobación do Consello Escolar.
 - c. Os alumnos serán acompañados polo profesorado correspondente na proporción que marca o Artigo 47 do ROC dos CPI como mínimo.

CRITERIOS PARA AS ACTIVIDADES DE MÁIS DUNHA XORNADA LECTIVA.

Os criterios básicos establecidos no seu momento para levar a cabo actividades extraescolares que impliquen a saída do centro durante varios días, ou un custe económico importante para as familias, deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Deben ser actividades transversais que contribúan á consecución dos obxectivos do PEC.
- Deben permitir e conseguir a participación dun número representativo do alumnado do centro (polo menos o 50% do alumnado ao que vaia dirixida como criterio básico).
- Deben adecuarse economicamente ao contexto en que nos atopamos (isto non exclúe a posibilidade de axudar as familias que así o precisen).
- Non deben "competir" unhas actividades con outras nin en datas nin en desembolso económico.
- Deben buscar unha consolidación no centro e continuidade no tempo.

CRITERIOS DE COMPENSACIÓN ECONÓMICA E A XUSTICIA SOCIAL

O equipo directivo acordou en novembro de 2018 establecer uns prezos/tarifas fixas en canto ao custe por alumno/a dos autobuses. Deste xeito, formar parte de grupos con pouco alumnado non debe supoñer un desembolso máis alto para esas familias; isto significa que o propio centro educativo subvencionará sempre parte das viaxes con cargo aos gastos de funcionamento. Os prezos para as viaxes en bus (actualizados en maio de 2022), quedan establecidos do seguinte xeito, independentemente dos alumnos/as que participen na actividade (sempre respectando os criterios establecidos máis arriba):

- Lugo e provincia: 5 € alumnos/a.
- Hasta +/- 200 km. (Coruña, Santiago, Mariña Lucense...): 6 € alumnos/a
- Outras saídas: valoraranse individualmente

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso.

O alumnado de educación secundaria obrigatoria que promocióne de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación, de acordo, co recollido no artigo 51 da *Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade*.

O Departamento de orientación facilitará o modelo para a elaboración do plan de reforzo (PR), que será realizado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno

destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

Conforme o recollido no art. 51 da *Orde do 8 de setembro de 2021*, o plan de reforzo debe incluír os seguintes apartados:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- g) Acreditación da información á familia.

Na elaboración do Plan de Reforzo (PR) terase en conta a información sobre o alumno/a proporcionada polo anterior equipo docente e o Departamento de orientación, de ser o caso.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso.

Cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permanezan un ano máis no mesmo curso deben seguir un plan específico personalizado, de acordo, co recollido no artigo 52 da *Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade*. Este Plan Específico Personalizado ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. O Departamento de orientación facilitará o modelo para a elaboración do Plan Específico Personalizado (PEP), que será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

Na elaboración do Plan Específico Personalizado (PEP) terase en conta a información sobre o alumno/a (dificultades do alumno/a, necesidades, puntos fortes...) proporcionada polo anterior equipo docente e o Departamento de orientación, de ser o caso.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

j) Os criterios xerais para a avaliación e, de ser o caso, a promoción e a titulación.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN EN EDUCACIÓN INFANTIL 2023-24

Decreto 150/2022 de 8 de setembro

Orde do 30 maio de 2023

- A avaliación será global, continua e formativa. A valoración do proceso de aprendizaxe farase de xeito cualitativo tendo en conta os progresos efectuados polas nenas e polos nenos.
- A avaliación nesta etapa estará orientada a identificar as condicións iniciais individuais e o ritmo e as características da evolución de cada nena ou neno. Para estes efectos, tomaranse como referencia os criterios de avaliación establecidos para cada ciclo en cada unha das áreas.
- Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado. A observación directa e sistemática constituirá a principal técnica do proceso de avaliación, sen prexuízo do posible emprego doutras técnicas cun carácter accesorio como a análise das producións das nenas e dos nenos e as entrevistas coas familias ou coas persoas titoras legais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN EN EDUCACIÓN PRIMARIA 2023-24

Decreto 155/2022 de 15 de setembro

Orde de 26 de maio de 2023

- A avaliación do alumnado será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.
- Promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

- Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, o equipo docente adoptará a decisión sobre a promoción de cada alumno/a. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.
- A decisión de permanencia no mesmo curso só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas titoras legais.
- O alumnado que alcance a promoción de curso con algunha área ou ámbito con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN EDUCACIÓN SECUNDARIA 2023-24

*Decreto 156/2022 de 15 de setembro
Orde do 26 de maio de 2023 que desenvolve o decreto 156/2022.*

CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN

- A avaliación do proceso de aprendizaxe será continua, formativa e integradora.
- A avaliación das aprendizaxes do alumnado terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora dos procesos de ensino e de aprendizaxe.
- Promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.
- As condicións de realización dos procesos de avaliación adecuaranse ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Nas decisións do equipo docente, tanto para a promoción como para a titulación, valorarase se houbo abandono do estudo dalgunha materia, entendendo que iso sucede se concorren alomenos dúas das seguintes circunstancias:
 1. Faltas de asistencia, sen xustificar adecuadamente, nun 10% ou máis das clases da materia.
 2. O alumno/a mostra unha actitude na clase de nula ou mínima colaboración: non trae materiais, charla, non se centra, non presenta as tarefas mandadas, etc.
 3. Non acode á clase cando hai exames ou probas, ou as entrega frecuentemente en branco ou practicamente sen facer.
 4. Non colabora co profesorado que propón un plan de recuperación das partes da materia non superadas.
 5. Fai ostentación da súa actitude de abandono da materia, mentres que na maioría das materias ten un comportamento distinto.

PROMOCIÓN EN 1º, 2º e 3º ESO

- Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que supere todas as materias.
- Acadará a promoción de curso o alumnado con ata 2 materias suspensas (contabilizando para o caso as do propio curso e as de cursos anteriores).
- Ademais dos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran TODAS as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que está matriculado/a nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV do Decreto 156/2022, de 15 de setembro, das materias con avaliación negativa non sexa superior a dez. A estes efectos, NON se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
- c) Que o equipo docente considere que as materias con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.
- d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- e) Que o equipo docente considere que dita promoción beneficiará a súa evolución académica.

TITULACIÓN EN 4º ESO

O alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados obterá o título de graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria. Ademais, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dun alumno/a, sempre que se cumpran TODAS as seguintes condicións:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculado/a nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que, a xuízo do equipo docente, o alumno/a adquirise as competencias clave establecidas no perfil de saída.
- c) Que, a xuízo do equipo docente, o alumno/a alcanzase os obxectivos da etapa.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso.

1. O alumnado que tras a avaliación final do cuarto curso da ESO obtivese unha nota media neste curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de Matrícula de Honra. Dita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnos/as igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no cuarto curso da ESO. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

2. Os criterios xerais de outorgamento da matrícula de honra ao alumnado do CPI Ramón Piñeiro acordados polo Claustro son os seguintes:

- O alumno/a coa mellor media do curso levará Matrícula de Honra, sempre que esta sexa superior a 9.

- En caso de empate na media de 4º ESO, mirarase a media de 3º ESO. De persistir o empate seguirase mirando sucesivamente en cada curso de xeito descendente ata desempatar.

3. A obtención da mención de Matrícula de Honra será consignada nos correspondentes documentos oficiais de avaliación do alumno/a.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas.

Actualmente as programacións teñen que ser elaboradas na aplicación da Consellería PROENS polo que os criterios veñen preestablecidos e son comúns para todos os centros educativos de Galicia

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.

A participación do centro en proxectos, plans ou programas partirán das necesidades do contexto en que se desenvolve a actividade do CPI Ramón Piñeiro, priorizando as necesidades e beneficios que poidan supoñer para a formación integral do noso alumnado. Estarán aprobadas e coordinadas polo equipo directivo e, habitualmente, tamén polo Claustro de Profesores e o Consello Escolar, tendo en conta, en calquera caso, as competencias propias de cada un destes órganos.

Sempre que sexa posible a participación en proxectos planifícanse desde o comezo de curso e inclúense na Programación Xeral Anual do Centro.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular.

O CPI Ramón Piñeiro, dentro do marco establecido pola Administración educativa, desenvolve a súa autonomía organizativa, favorecendo o traballo en equipo do profesorado. O centro traballa o currículo e as medidas de atención á diversidade establecidas pola Consellería de Educación adaptándoas ás características do alumnado e á súa realidade educativa, co fin de atender a todos os discentes. Así mesmo ideará métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos/as e que promovan o traballo en equipo. Polo tanto, a concreción curricular é un documento flexible que ao final de cada curso (ou incluso dentro do propio curso) pode ter que ser revisado en función dun cambio de lexislación ou por mor dunha nova oferta educativa en canto a materias optativas, de libre configuración ou mesmo debido a un cambio metodolóxico importante no proceso de ensino-aprendizaxe.

o) Outros apartados.